



Declaración institucional do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia lembra, no décimo cabodano do asasinato do xornalista ferrolán José Couso Permuy, a súa memoria, o seu traballo e a reivindicación cidadá para aclarar e xulgar os responsables do seu asasinato.

O cámara e reporteiro gráfico José Couso morreu en 2003 durante a invasión de Iraq a causa dos disparos dun carro de combate estadounidense contra o Hotel Palestina, da capital iraquí, no que se atopaba traballando coa prensa internacional. Nese ataque morreron tamén o camerógrafo ucraíno Taras Protsyuk e o xordano Tarek Ayub.

Dende entón diversas actuacións xudiciais tentaron pór en mans da xustiza española os responsables da morte do ferrolán José Couso. Primeiro a Audiencia Nacional e logo o Tribunal Supremo actuaron. Abriuse un proceso e emitíuse unha orde de busca e captura sobre os militares estadounidenses que manexaban o tanque que disparou contra o Hotel Palestina. Pero estas actuacións recibiron a negativa das autoridades estadounidenses.

Cando se cumpren dez anos da morte de José Couso, o Parlamento galego reclama que se clarifiquen as causas da súa morte e que se xulguen os responsables dela.

O Parlamento galego acorda dirixirse ao Goberno do Estado para solicitar que, dentro do respecto á independencia do poder xudicial, se leven a cabo todas as actuacións pertinentes para pór á disposición da xustiza os responsables da morte de José Couso Permuy.

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2013